



## CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS

### DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, convoca 6 cursos de formación que se relacionan no anexo que acompaña esta convocatoria, dirixidos ao persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Esta convocatoria farase pública a través da páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal>

#### 1. Requisitos dos participantes

Poderán participar nas accións formativas convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o ano 2021 os empregados públicos e as empregadas públicas (tanto en situación de servizo activo como en excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada curso) destinados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou nas bibliotecas de arquivos e museos xestionados por esta Consellería.

#### 2. Solicitudes

O persoal que desexe participar nos cursos convocados debe cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal> sen que se admitan outros modelos de solicitude. No caso de ter que achegar documentación que acredite calquera das situacións que se contemplan nos puntos 4 e 5 da epígrafe 3 (Selección), esta deberá remitirse escaneada por correo electrónico ao seguinte enderezo, indicando o nome, apelidos e DNI na mensaxe: [servizo.bibliotecas@xunta.gal](mailto:servizo.bibliotecas@xunta.gal). No asunto deberá consignarse “Formación RBG 2021”.



O prazo de presentación das solicitudes e, se é o caso, da documentación acreditativa, será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria. As solicitudes ou a documentación acreditativa recibidas fóra deste prazo non se terán en conta.

### 3. Selección

Os criterios que se empregarán para a selección dos aspirantes son:

1. Que a persoa solicitante reúna os requisitos establecidos para cada curso.
2. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza a persoa solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
3. O menor número de cursos realizados pola persoa solicitante durante o último ano (2020), dos organizados pola consellería competente en materia de bibliotecas.
4. A persoa solicitante que estea gozando ou gozase nos últimos dous anos dunha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución da xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, terá dereito preferente a participar nesta oferta formativa, sempre que o acredite e cumpra os requisitos obxectivos para ser destinataria da actividade.
5. Nos cursos reservarase unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por parte de persoas que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
6. Na concesión dos cursos terase en conta a orde de prioridade establecida pola persoa solicitante no boletín de inscrición.
7. En situación de empate, daráselle prioridade á data e hora de envío da solicitude.



8. No caso de vacantes, as prazas poderán cubrirse con persoal que preste servizo nas bibliotecas da rede e non sexa empregado público, así como con persoas con titulación universitaria en biblioteconomía e/ou documentación.

#### **4. Publicación das listaxes de admitidos**

A Secretaría Xeral de Cultura fará pública na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal> unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como unha listaxe de reserva. Así mesmo, publicarase con anterioridade ao comezo do curso, e a través desta mesma páxina web, a listaxe definitiva de admitidos.

#### **5. Obrigas**

No caso de que a persoa admitida non poida realizar o curso, deberá comunicar a súa baixa cunha antelación mínima de sete días naturais antes do seu inicio. Igualmente, se nos sete días anteriores ao inicio do curso, ou unha vez comezado este, a persoa admitida non puidese realizalo por causas xustificadas, debe acreditar estas documentalmente ante o servizo competente da Secretaría Xeral de Cultura. De incumprir estas obrigas de comunicación, non poderá participar na vindeira convocatoria de cursos do ano 2022, nin en calquera outra oferta de actividades formativas que se realice desde a Secretaría Xeral de Cultura para o persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia durante este ano 2021 nin en 2022.

Esta penalización farase extensiva, de non acreditar documentalmente unha causa xustificada, a aquelas persoas que non completen o 50 % das tarefas propostas.



## 6. Certificados

Para a expedición do certificado de aproveitamento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o alumnado deberá superar as probas que estableza o persoal docente.

## 7. Resolución de dúbidas

En caso de dúbidas ou dificultades técnicas, os interesados poderán dirixirse por teléfono ao CAU (881 99 53 00 / 881 99 54 00) ou a través do enderezo de correo electrónico [cau-periferico@xunta.es](mailto:cau-periferico@xunta.es)



## ANEXO

### FERRAMENTAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES EN LIÑA NA BIBLIOTECA

#### OBXECTIVOS

- Xerar unha idea aínda máis dixital nas actividades da biblioteca para adaptarnos ás tendencias e á nova situación post-confinamento.
- Ter unha perspectiva dalgunhas das ferramentas dixitais que se poden utilizar para xerar proxectos en liña na biblioteca.
- Obter unhas nocións básicas sobre algunhas das aplicacións presentadas.
- Aprender a aplicar as ferramentas en proxectos concretos da biblioteca.

#### DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:  
En liña. Aula Cesga.  
Do 4 ao 31 de maio.
- Número de prazas: 25

#### DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

#### CONTIDOS

Módulo 1. Ferramentas para organizar e programar proxectos.

- Ferramentas organizativas e de planificación.



- Ferramentas para xerar formularios.

#### Módulo 2. Ferramentas para anunciar e promover actividades.

- Para presentar unha actividade.
- Para informar sobre unha actividade.
- Para presentar un proxecto.
- Para preparar os días D.

#### Módulo 3. Ferramentas de comunicación.

- Para charlas directas con usuarios.
- Para conectarnos con autores.
- Para presentar libros.
- Para realizar lecturas en directo.

#### Módulo 4. Ferramentas para crear documentos dixitais.

- Para crear guías de lectura dixitais.
- Para preparar documentos temáticos.
- Para contar contos.

#### Módulo 5. Ferramentas para crear exposicións virtuais.

- Vistas de 360º.
- Recrear os teus cadros famosos.

#### Módulo 6. Bodybooks.

- Ferramentas para entrevistas e difusión de lecturas.
- O podcast da biblioteca.
- Para crear lecturas que viaxen. Audiocitas.



## Módulo 7. Ferramentas que veñen e van.

- A mediación lectora na biblioteca.
- O papel dos bibliotecarios na selección e na proposta de lecturas.
- A lexitimidade da recomendación.
- Intermediacións engadidas: as familias e a escola.

### **AVALIACIÓN**

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente, entre as que se inclúen cuestionarios tipo test e unha tarefa.

### **DOCENTE**

Joaquín Hernández Sánchez. Profesional con máis de dezasete anos de experiencia de traballo na Fundación Germán Sánchez Ruipérez, na actualidade coordina programas formativos e realiza labores de docente, ademais de adaptar e deseñar materiais formativos, tanto para proxectos presenciais como en liña. Colabora en programas ReadMaker para as bibliotecas na Diputación de Badajoz. Paralelamente a estas actividades, continúa desenvolvendo proxectos web e elaborando materiais para contornas dixitais.

## **CREACIÓN E DINAMIZACIÓN DE CLUBS DE LECTURA FÁCIL**

### **OBXECTIVOS**

- Coñecer o formato lectura fácil.
- Dotar aos participantes de pautas, ferramentas e materiais para dinamizar con éxito clubs de lectura fácil, especialmente enfocados a persoas con discapacidade intelectual.

### **DESENVOLVEMENTO**

- Duración: 15 h.
- Lugar e datas:  
En liña. Aula CESGA + Videochamada.  
Do 2 ao 9 de xuño  
A videochamada está prevista para o 7/06/2021 e ten por obxectivo a realización de exercicios de dinámica de grupo. En calquera caso, a participación na mesma é opcional.
- Número de prazas: 25

### **DESTINATARIOS**

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

### **CONTIDOS**

Módulo 1. A lectura fácil.

- Que é a lectura fácil?
- Historia e logotipos.
- Normas/pautas para facer materiais en lectura fácil.





## Módulo 2: Creación e dinamización de clubs de lectura fácil

- Que é un club de lectura fácil?
- Aspectos a ter en conta para a posta en marcha dun club de lectura fácil.
- Proposta para a planificación das sesións dun club de lectura fácil.

### **AVALIACIÓN**

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente, entre as que se inclúe a realización dun traballo individual e a superación dun exercicio tipo test.

### **DOCENTE**

Pilar Villaverde Souto. Diplomada en Educación Social e licenciada en Psicopedagogía. Técnico de FADEMGA Plena Inclusión Galicia (Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia).



## A RECENSIÓN LITERARIA COMO UNHA INVITACIÓN Á LECTURA

### OBXECTIVOS

- Considerar a lectura crítica como un medio para afrontar a selección que conleva a mediación.
- Analizar os elementos que permiten valorar unha obra dirixida á infancia.
- Expor estratexias de lectura crítica en función dos nosos obxectivos profesionais: seleccionar para o fondo, realizar unha guía de lectura, dirixir un club, presentar un libro etc.
- Practicar a recensión como un método de comunicación da avaliación dos libros e como unha estratexia de animación á lectura.

### DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:  
En liña. Aula Cesga.  
Do 7 ao 28 de xuño.
- Número de prazas: 25

### DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

## **CONTIDOS**

### Módulo 1. A modo de introdución.

- A mediación lectora na biblioteca.
- O papel dos bibliotecarios na selección e na proposta de lecturas.
- A lexitimidade da recomendación.
- Intermediacións engadidas: as familias e a escola.

### Módulo 2. Lectura crítica e exercicio da crítica.

- A selección na LIX
- É necesaria a crítica na LIX?
- Exercer a crítica para que e para quen.

### Módulo 3. Como facer unha lectura crítica nos diversos xéneros. Deleite e definición.

- Ler ben para facer una boa recensión.
- Ficción.
- Álbum ilustrado.
- Poesía.
- Libro informativo.

### Módulo 4. A práctica de escribir recensións.

- A crítica fundada.
- As recensións e os seus tipos.
- Poñerse a escribir.

### Módulo 5. A recensión noutros soportes e con outras linguaxes.

- As recensións on- line. Recensións ao fin ou non?



- Booktubers, Instagramers.
- Kit de supervivencia para lanzarse á rede.

## **AVALIACIÓN**

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polas docentes, entre as que se inclúe a participación nos foros, a realización de exercicios prácticos e a entrega dunha actividade final.

## **DOCENTES**

Raquel López Royo. Licenciada en Filoloxía Hispánica, especialista en literatura infantil e xuvenil. Imparte formación sobre literatura infantil e promoción da lectura. Escribe en revistas especializadas e participa en proxectos expositivos e na organización de actividades culturais relacionadas coa lectura e a literatura dirixida á infancia. Editora da editorial Los Cuatro Azules.

Isabel Benito García Licenciada en Filosofía e especialista en literatura infantil e promoción da lectura. Imparte formación sobre mediación lectora. Desenvolve programas de actividades culturais relacionadas coa lectura para familias, infancia e público adulto en librarías, bibliotecas, museos e centros escolares. É narradora oral e investiga sobre diversas formas de aproximar libros e lectores.



## CATALOGACIÓN BÁSICA EN FORMATO MARC 21

### OBXECTIVOS

- Coñecer, localizar e utilizar os recursos e ferramentas necesarios para levar a cabo unha correcta catalogación tales como normativas e estándares, formatos e procedementos.
- Identificar e relacionar conceptos clave como “catálogo colectivo”, “registro bibliográfico” e “registro de exemplar”.
- Coñecer e familiarizarse coa estrutura dun registro bibliográfico.
- Aplicar as regras de catalogación axeitadas ao tipo de documento e utilizar a codificación correcta do formato MARC na creación do asento bibliográfico.
- Coñecer a estrutura dun registro de exemplar no programa de xestión da RBPG.
- Executar as accións axeitadas dentro do procedemento de catalogación na rede (buscas, capturas, altas)
- Aplicar a folla de traballo "Catalogación BM" a diferentes tipos de materiais.
- Resolver todas as dúbidas sobre o proceso formuladas polo alumnado.

### DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas: do 7 ao 27 de setembro  
En liña. Aula Cesga
- Número de prazas: 25

## **DESTINATARIOS**

Persoal das bibliotecas públicas municipais integradas no Catálogo Colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co programa KOHA. No caso de quedar prazas vacantes poderá realizar o curso o resto do persoal das bibliotecas da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

## **CONTIDOS**

Modulo 1: Introducción teórica.

- O proceso de catalogación e normativas de descrición bibliográfica (ISBD, RDA)
- O rexistro bibliográfico (monografías)
- O formato MARC 21. Estrutura dun rexistro MARC.
- Entrega de material de traballo.
- Exercicios prácticos titorizados.

Modulo 2: Prácticas de catalogación: monografías e publicacións seriadas.

- Descrición de monografías (con anexos, obra en volumes, lexislación, congresos)
- Descrición de publicacións seriadas (revista, prensa)
- Entrega de material de traballo.
- Exercicios prácticos titorizados.

Modulo 3: Prácticas de catalogación: outros materiais.

- Documentos audiovisuais.



- Documentos sonoros.
- Documentos electrónicos.
- Entrega de material de traballo.
- Exercicios prácticos titorizados.

## **AVALIACIÓN**

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente, entre a realización de exercicios prácticos.

## **DOCENTE**

Lorena Martín Oreiro. Licenciada en Historia da Arte, especialista en xestión cultural e con formación complementaria en biblioteconomía. Desde o 2002 traballa na empresa privada como técnica bibliotecaria levando a cabo proxectos de catalogación e como formadora.



## **OS NOVOS RECUNCHOS DA BIBLIOTECA. LECTURA, TECNOLOXÍA E ARTE.**

### **OBXECTIVOS**

- Reflexionar sobre a nova concepción espacial das bibliotecas facendo un repaso das últimas publicacións sobre este eido.
- Ofrecer propostas que reinventen a estética e os usos dos espazos físicos das bibliotecas conservando o seu ADN.
- Fomentar a participación creativa dos propios lectores.
- Aplicar os novos recursos tecnolóxicos ao fomento da lectura.
- Reflexionar sobre o modo de extrapolar as experiencias a outras realidades a través dalgúns supostos prácticos.
- Aprender a aplicar as ferramentas en proxectos concretos da biblioteca.

### **DESENVOLVEMENTO**

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:  
En liña. Aula Cesga.  
Do 15 de setembro ao 13 de outubro.
- Número de prazas: 25

### **DESTINATARIOS**

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.





## CONTIDOS

1. Nova concepción espacial da biblioteca: da pel ao corazón.
2. A pel da biblioteca: tatuaxes codificadas. QR nas bibliotecas.
3. Os espazos *Nubeteca*: concepción, deseño, baleirado, acondicionamento, equipamentos, contido e función.
4. Do expurgo á creatividade: os libros esquecidos.
5. As bibliotecas dos lectores: o recuncho dos *Fundamentais*.
6. Espazos para a creación: makerspace da lectura.
7. A *Nubeteca* dos nenos.
8. O reino 3D.
9. Tarefas prácticas.

## AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polos docentes, entre as que se inclúe cuestionarios tipo test e tarefas.

## DOCENTES

Florencia Corrrionero Salinero. Especialista en fomento da lectura, xestora cultural e docente. Actualmente é técnica do Proxecto Nubeteca no Servizo Provincial de Bibliotecas da Diputación de Badajoz, onde xestiona este proxecto de innovación lectora desde 2018.

Durante vinte e sete traballou no Centro de Desenvolvemento Sociocultural da Fundación Germán Sánchez Ruipérez coordinando a programación integrada dos servizos de información, formación e difusión cultural do centro, do que foi directora.

Actualmente combina o seu labor coa impartición de cursos de formación presenciais e en liña para bibliotecarios e xestores culturais, e a participación en foros profesionais. É autora de numerosas publicacións no ámbito das bibliotecas públicas.

Joaquín Hernández Sánchez. Profesional con máis de dezasete anos de experiencia de traballo na Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Na actualidade coordina programas formativos e realiza labores de docente, ademais de adaptar e deseñar materiais formativos, tanto para proxectos presenciais como en liña. Colabora en programas ReadMaker para as bibliotecas na Diputación de Badajoz. Paralelamente a estas actividades, continúa desenvolvendo proxectos web e elaborando materiais para contornas dixitais.

## **ACCESIBILIDADE NA BIBLIOTECA PÚBLICA: ACCESIBILIDADE FÍSICA, SENSORIAL E COGNITIVA NO EQUIPAMENTO, SERVIZOS, ACTIVIDADES, FONDOS DOCUMENTAIS E COMUNICACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

- Dar a coñecer o marco legal e normativo sobre accesibilidade en equipamentos públicos.
- Dar a coñecer conceptos fundamentais sobre accesibilidade física, sensorial e cognitiva.
- Analizar cales son as necesidades das persoas con discapacidade física, sensorial e/ou cognitiva para que teñan acceso ás bibliotecas.
- Proporcionar ferramentas básicas para conseguir espazos accesibles nas bibliotecas e crear/modificar servizos e actividades accesibles a todas as persoas.
- Coñecer as necesidades de acceso á información e á lectura segundo a discapacidade e os formatos e adaptacións existentes no mercado.
- Proporcionar ferramentas básicas de xestión do fondo documental para que sexa accesible: da adquisición ao andel.
- Coñecer as necesidades de comunicación segundo a discapacidade.
- Proporcionar ferramentas básicas de deseño de carteis, folletos e campañas de difusión para chegar a colectivos con discapacidade.

### **DESENVOLVEMENTO**

- Duración: 20 h.
- Lugar e datas:  
En liña. Aula CESGA  
Do 1 ao 15 de outubro
- Número de prazas: 25



## DESTINATARIOS

Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

## CONTIDOS

Módulo 1. Accesibilidade, marco teórico e normativo.

- Que é a accesibilidade.
- Colectivos en risco de exclusión social.
- Tipos de discapacidade.
- Lexislación sobre accesibilidade na cultura.

Módulo 2. Bibliotecas e accesibilidade.

- Accesibilidade arquitectónica, humana e material.
- A cadea de accesibilidade.

Módulo 3. Edificio, acceso e circulación.

- Percorrido exterior: transporte, itinerarios, prazas reservadas, localización e identificación da biblioteca.
- Acceso á biblioteca: porta de acceso, vestíbulo, pavimento, mostrador de atención, bucle magnético, directorio, plano táctil.
- Interior da biblioteca: desprazamentos horizontais e verticais, servizos hixiénicos, sala polivalente, mobiliario e saídas de emerxencia.

Módulo 4. Comunicación e sinalización.

- Formas e sistemas de comunicación.
- Sinalización interior e exterior.



- Outros sistemas de comunicación.

#### Módulo 5. Atención ao usuario.

- Recomendacións xerais e específicas.

#### Módulo 6. Xestión e acceso á colección.

- Recursos existentes que facilitan o acceso á lectura a persoas con discapacidade.
- Adaptacións de texto e formato.
- Panorama editorial.
- Xestión do fondo documental e accesibilidade.

#### Módulo 7. Servizos accesibles.

- Páxina web.
- Servizo de información.
- Servizo de consulta.
- Servizo de préstamo e rdevolución.
- Outros servizos.

#### Módulo 8. Actividades accesibles.

- Como programar e organizar unha actividade.
- Aspectos a ter presentes antes, durante e despois da actividade.
- Actividades exclusivas vs. actividades para todas as persoas.

### **AVALIACIÓN**

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente, entre as que se inclúe a realización de tests e/ou exercicios prácticos e a entrega dunha actividade final.



## DOCENTE

Susana Peix. Bibliotecaria especializada en literatura infantil, escritora e especialista en accesibilidade. Diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola UB, Posgrao en Accesibilidade e Deseño para todas as persoas pola UIC e Máster de Accesibilidade para Smart City pola UJA e a ONCE.

Forma parte do equipo docente do Posgrao de Llibrería de l' Escola de Llibrería da Facultade de Biblioteconomía e Documentación da UB.

Membro do equipo de traballo da actualización da Norma UNE 170002 *Requisitos de accesibilidade para os elementos de sinalización na edificación* e do equipo de traballo do proxecto Bibliotèques Inclusives impulsado polo Servei de Bibliotèques da Generalitat de Catalunya.